

DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE NA COSTA BRASILEIRA

ICARO CUNHA

Máster en Xestión de Negocios – Coordinadora de Posgrao
Universidade Católica de Santos

Recibido: 7 de febreiro de 2005

Aceptado: 28 de febreiro de 2005

Resumo: Este artigo presenta unha discusión das relacións entre desenvolvemento e medio ambiente na costa brasileira, franxa dunha grande extensión, ecoloxicamente importante, na cal se localizan algunhas das principais cidades do país.

En décadas recentes, estas rexións veñen sendo reocupadas nun proceso inducido pola apertura de novas estradas, pola implantación de polos industriais e de infraestruturas portuarias. Os asentamentos humanos caracterízanse pola carencia na súa localización dunha base de saneamento e de coidados de organización.

A política nacional de administración costeira, os novos parámetros da xestión empresarial, máis sensibles ás cuestións ambientais, e as accións das organizacións non gobernamentais son forzas que actúan no sentido de desenvolver novas posibilidades sostibles de aproveitamento dos recursos nunha realidade marcada pola eclosión de conflitos ambientais.

Palabras clave: Desenvolvemento sostible / Administración costeira / Conflito ambiental / Negociación ambiental.

SUSTAINABLE DEVELOPMENT IN THE BRAZILIAN COAST

Abstract: The text discusses the relations between environment and development in brazilian coast, which is a large and ecologically important region, where there are some of most important cities of this Country.

The brazilian coast have been re-occupied during recent decades, due to the construction of new routes, the agglomeration of industries in some regions, and the development of port areas. The human settlements don't have enough sanitation infra-structure or environmental care about land use dynamics.

The government Coast Management policy is presented as part of an effort in Sustainability way, which receives energies from new enterprises' management practices and non governmental organizations actions, in a context of strong environmental conflicts.

Keywords: Sustainable development / Coastal management / Environmental conflict / Environmental negotiation.

1. INTRODUCCIÓN

Neste traballo preséntanse aspectos relevantes para comprender os desafíos que presenta a consecución dun desenvolvemento sostible na costa brasileira. A zona costeira é o escenario dunha acción específica da política ambiental brasileira: o *Programa Nacional de Gerenciamento Costeiro*. Na súa orixe, esta iniciativa gobernamental brasileira vai unida ás redefinicións sobre o mar territorial e as zonas económicas utilizables polos países no aproveitamento dos recursos do mar. Na década dos anos oitenta, este programa foi madurado pola Comisión Interministerial para os Recursos do Mar do Goberno brasileiro, e desde ese momento foi evolucionando pasando por etapas de maior ou de menor dinamismo.

Ademais de situar as características dese proceso, buscamos relacionalo coa evolución xeral da política ambiental brasileira e as súas respostas ás crises ambientais ligadas ao desenvolvemento do país na segunda metade do século XX. Os conflitos ambientais e o involucramento dos grupos ecoloxistas son dimensións igualmente estratéxicas para comprender os avances conseguidos e os puntos de resistencia, nun contexto no que a calidade ambiental e a inclusión social son metas fundamentais e, ao noso modo de ver, inseparables.

A zona costeira de Brasil é unha unidade territorial que se estende na súa porción terrestre por preto de 8.500 km, abrangendo 17 estados e máis de 400 municipios. Inclúe tamén unha franxa marítima formada polo mar territorial, cunha anchura de 12 millas náuticas a partir da liña de costa.

De forma xeral, as zonas costeiras son rexións de transición ecolóxica, cun importante papel de relación e de intercambios xenéticos entre os ecosistemas terrestres e marítimos. No Brasil, os espazos costeiros desempeñan este papel desde o extremo norte ecuatorial, onde interactúan coa dinámica da selva e das augas amazónicas, ata o sur temperado do país, percorrendo unha ampla extensión na que están presentes os remanentes do bioma de bosque atlántico. Á singular importancia destes ecosistemas súmase a extraordinaria biodiversidade da franxa mariña, que acolle o 10% das 12 mil especies de peixes descritas ata o día de hoxe, servindo tamén de refuxio e de lugar de reprodución a cinco das sete tartarugas mariñas do planeta.

Como país costeiro de formación colonial, a ocupación territorial do Brasil produciuse de forma xeral desde a zona costeira cara ao interior, o que explica a importante densidade de poboación do seu litoral. Actualmente, preto de 1/5 dos 170 millóns de brasileiros viven á beira do mar, presentando a zona costeira unha densidade de poboación cinco veces maior que a media nacional. A metade da poboación do país vive a menos de 200 km do litoral estando extremadamente concentrada no espazo: nesta franxa están as dez maiores cidades do país, que suman 25 millóns de habitantes. Preto do 90% da poboación costeira vive en cidades, nas cales un 80% dos seus habitantes non dispoñen do servizo de rede de sumidoiros e máis do 40% das vivendas non teñen nin sequera fosas sépticas.

Varias destas cidades tan deficitarias desde o punto de vista da contaminación doméstica desenvolvéronse historicamente en torno a portos e a polos industriais, cuxo potencial de impacto ambiental non é menos significativo. Desa forma, os conflitos polos usos do territorio costeiro, terrestre ou acuático, influíron fortemente nas dinámicas ambientais de ecosistemas biodiversos que figuran entre aqueles sometidos a máis presión do planeta. Estas rexións, que foron os primeiros lugares urbanizados, gardan tamén caseiros, igrexas, ruínas de facendas de escravos, todo un conxunto de monumentos arquitectónicos que, como di Judith Cortezão, documentan o noivado do home coa natureza ao longo da historia do Brasil. Todo este patrimonio natural e construído está sometido ás presións asociadas ás diferentes manifestacións da crise ambiental brasileira.

2. DESENVOLVIMENTO E MEDIO AMBIENTE NO BRASIL

A rexión metropolitana de São Paulo, principal polo de desenvolvemento do Brasil, convive co racionamento de auga á súa poboación debido á incapacidade de administrar adecuadamente a protección dos seus mananciais de abastecemento.

Nesta mesma metrópole, nos períodos de inverno cando as inversións térmicas reducen o potencial de dispersión atmosférica, o ar vólvese insalubre pola concentración de contaminación, ocasionando episodios de agravamento das doenzas respiratorias que son fatais sobre todo para os nenos e para os anciáns, especialmente nas zonas con rendas baixas que habitan as periferias urbanas.

Ao longo da historia do Brasil e ata hoxe en día, na Amazonia foi rozada unha área do tamaño de Francia. A proxección do actual ritmo de roza feita polo Ministerio do Meio Ambiente brasileiro estima que en trinta anos duplicaremos o tamaño desta área de selva, que desaparecerá en cincocentos anos.

Exemplos coma este repítense por desgraza ao longo do territorio brasileiro, provocando unha crise ambiental relacionada sobre todo co estilo de desenvolvemento do país na segunda metade do século XX e as súas consecuencias nos espazos rexionais.

Obviamente, as transformacións destes lugares do Brasil pola acción humana son moito máis antigas, remontándose ás poboacións indíxenas. Abonda dicir que os estudos etnobotánicos indican que polo menos un 11% da selva amazónica, que hoxe loitamos por conservar, é o resultado da acción do home, de transformacións promovidas en longos períodos históricos polas sociedades de cazadores e de recolectores.

Estes pobos sumaban na época do descubrimento unha poboación maior cá de Portugal e as súas colonias, que sería decimada pola gripe, polo escravismo e pola toma das súas terras pola empresa colonial, que inauguraría a transformación ambiental máis constante da historia do país: a simplificación dos ecosistemas pola implantación da monocultura agrícola.

Cada un dos ciclos de extracción e cultivo de produtos que compoñen a nosa historia económica, como o pão do Brasil, o algodón, a cana de azucre, a minería ou o café, deu lugar a considerables impactos ambientais. Na primeira metade do século XIX, José Bonifácio de Andrada e Silva escribiría sobre a transformación dalgunhas rexións do Brasil en áreas tan infértiles como os desertos de Libia.

Esta tradición de uso inadecuado do territorio, desde o punto de vista ecolóxico, sería potenciada ata o extremo nos ciclos desenvolvistas da posguerra, cando os procesos de produción típicos da industrialización dos países desenvolvidos foron levados ao interior do país. Imos destacar agora algunhas características esenciais, desde o punto de vista ambiental, deste período histórico.

Os polos industriais cuxa implantación foi promovida tiveron como característica común o feito de concentrar nese espazo unha aglomeración de procesos fortemente contaminantes. Esas concentracións de cargas contaminantes localizáronse

moitas veces en lugares ecoloxicamente fráxiles e vulnerables. As tecnoloxías de produción eran importadas como paquetes pechados, e os técnicos brasileiros non estaban preparados para un control máis profundo. Cando a preocupación pola contaminación aflorou como algo importante, esta falta de preparación supuxo unha incapacidade para establecer o seu control ambiental.

Despois dos anos sesenta, a agricultura impón novos patróns de mecanización e o uso de produtos químicos de forma indiscriminada. A contaminación química dos alimentos e das augas e a considerable perda de solo fértil foron as consecuencias máis destacables, xunto coa masiva substitución do traballo humano polas máquinas e do importante aumento da emigración da poboación do campo ás cidades.

Na etapa do réxime militar, que tivo lugar entre os anos sesenta e os anos oitenta, os proxectos de desenvolvemento tiveron un forte compoñente xeopolítico. A preocupación pola soberanía nacional sobre a Amazonia, nun contexto no que as cuestións ecolóxicas eran desprezadas, deu lugar a unha política de apertura de novas fronteiras agrícolas. A isto sumábanse proxectos como o aproveitamento dos recursos minerais para deseñar un conxunto de grandes intervencións sobre as áreas amazónicas, prexudicial desde o punto de vista das súas repercusións ambientais e sociais, pois xerábanse severos danos sobre a natureza á vez que se desorganizaban os modos de vida das poboacións tradicionais dos *caboclos* (poboacións mestizas tradicionais da rexión), dos recolectores de caucho, dos pescadores e, incluso, dos indíxenas.

As maiores cidades brasileiras coñeceron un período de crecemento esaxerado, converténdose en grandes aglomeracións ás que constantemente se dirixían numerosos grupos de emigrantes pobres atraídos pola oportunidade ou polo espellismo do emprego. Son cidades do automóbil e da especulación inmobiliaria, nas que a segregación espacial dos máis pobres naquilo que chamamos periferias urbanas relega grandes continxentes a habitar en espazos ilegais caracterizados por unha grande insalubridade ambiental.

O risco ambiental está diseminado polo territorio brasileiro. Hoxe, nos cursos superiores dedicados ao estudo do medio ambiente estúdanse as análises de Ulrich Beck sobre a sociedade do risco. Este estudoso alemán fala dunha nova realidade na que o risco substitúe á loita para resolver as necesidades básicas de supervivencia das persoas como preocupación central. É este un aspecto que diferencia a realidade brasileira daquelas pensadas por este autor. No Brasil, a diseminación do risco ambiental ten lugar nunha sociedade na que vastos continxentes non teñen garantida a atención destas necesidades básicas. Crises ambiental e exclusión social son historicamente as dúas caras dunha mesma moeda, dun mesmo estilo de desenvolvemento e consumo.

O Estado brasileiro, alternando fases populistas e autoritarias, desenvolveu o seu papel de socio e de creador de infraestrutura para este conxunto de procesos de transformación produtiva do territorio. Toda unha rede de integración, de vías de

transporte e de comunicación e de complexos de enerxía uniron as diferentes rexións entre si e tamén a estas cos circuitos económicos internacionais. Reducíronse as distancias entre os recantos máis illados, onde nos habitantes aínda pervivía a herdanza da cultura indíxena, e a actual forma de vivir dos modernos centros urbanos e industriais.

Un gran xeógrafo brasileiro, Milton Santos, propuxo recentemente a caracterización do noso territorio como un medio técnico-científico informacional, no que os ritmos da economía e da vida cotiá obedecen á aceleración dos fluxos económicos nun contexto de crecente integración da produción e do comercio a escala mundial. No territorio brasileiro atópanse aínda rexións nas que os tempos de vida dos grupos humanos van parellos ao tempo da natureza. Pero cada vez máis, a utilización do territorio e os seus recursos, así como as alternativas de supervivencia que se abren á poboación, deben dar conta dos desafíos de conflitos ambientais máis complexos, que poñen en contacto culturas diferentes.

A economía predatoria e a economía da sostibilidade protagonizan unha loita entre proxectos que articulan intereses locais con intereses doutras sociedades, doutras partes do mundo. A moza democracia brasileira, desa forma, amplía os seus desafíos á construción da cidadanía nunha sociedade tan desigual. Os conflitos ambientais asumen un papel central na ecuación do desenvolvemento do país.

3. DIFERENTES PROXECTOS ECONÓMICOS PARA A ZONA DA COSTA

Nos últimos anos, a zona costeira brasileira é unha nova fronteira económica e de ocupación do territorio. As vellas grandes cidades, e as que medran en torno a portos e a polos industriais, reciben constantemente fluxos migratorios daquelas poboacións que buscan oportunidades para a súa supervivencia. Nestas mesmas cidades, e nos espazos entre elas, os fluxos estacionais de turistas supoñen, especialmente no verán, un grande aumento da poboación, que xeralmente se acomoda en residencias de verán que van tomando aqueles espazos antes illados e pouco habitados e que agora ven xurdir novas cidades.

Nalgunhas rexións do país, as grandes cidades do litoral tiveron a súa orixe na colonización europea, despois foron expandíndose ata chegar a converterse moitas delas en capitais dos estados. Noutras rexións, o poboamento dirixiuse cara ao interior e os polos urbanos dinámicos desenvolvéronse fóra da zona da costa. Pero incluso no caso daquelas metrópolis que se formaron a carón do mar, o conxunto da costa protexeu grandes áreas pouco habitadas ata datas moi recentes. Sen movemento económico importante que xustificase investimentos en estradas, estes grandes espazos costeiros afastados das grandes cidades acollían moitas veces poboacións dispersas de pescadores artesanais e de pequenos agricultores que producían para a súa propia subsistencia utilizando técnicas simples e o coñecemento

empírico da natureza. Estas economías, que realizaban intercambios sen utilizar a moeda xeral, e nas que os terreos á beira do mar eran posesións transmitidas de pais a fillos e que non estaban rexistradas legalmente, desenvolvíanse en cidades de cara ao mar, vía de acceso que os unía a outros lugares.

Estudos como os do profesor Antonio Carlos Robert Morais mostran como os grandes proxectos desenvolvistas do Goberno deron lugar, ao longo das últimas décadas, a un novo movemento de ocupación dos espazos costeiros: grandes polos industriais, fábricas de electricidade, terminais de petróleo, ampliación de estruturas portuarias.

Novas redes de estradas rompen as distancias entre as grandes cidades e os curunchos do litoral para facilitar o acceso das cargas ou para facer posible a chegada dos turistas. En moitos lugares da costa, o atractivo turístico ofrecido a un número cada vez maior dos habitantes das grandes cidades limítase ao binomio sol e praia que, conforme ao clima rexional, queda reducido a uns poucos meses do ano. Promoveuse realmente a apertura das áreas costeiras ao verán, apoiado basicamente na venda da segunda residencia, unha actividade cun forte compoñente especulativo en relación co valor dos terreos, necesitando, xa que logo, desaloxar os seus moradores tradicionais.

Como é sabido, os distintos ecosistemas costeiros desempeñan papeis distintos en termos de biodiversidade, sendo os máis importantes as lagoas costeiras, os estuarios e as marismas. Na elección dos lugares para a localización de empresas, estes aspectos de vulnerabilidade ecolóxica deberían servir de norte á hora de tomar decisións, sen esquecer tampouco as características dos ecosistemas próximos no espazo mariño e do interior do continente, tendo tamén especialmente en conta, en función da rexión, a fragilidade de biomas da importancia da selva amazónica e do bosque atlántico.

Esta lóxica ignorouse ao longo deste movemento de reocupación da costa nas últimas décadas, obedecendo as decisións ás vantaxes económicas definidas dentro dunha perspectiva allea ás consideracións ecolóxicas. Desesta forma, os impactos ambientais e sociais foron maximizados.

No ano 2002, unha avaliación das prioridades para a conservación da biodiversidade nas zonas costeira e mariña levada a cabo polo Ministerio do Meio Ambiente identificaba as principais ameazas para un litoral que, como o resto do territorio brasileiro, se caracteriza pola enorme diversidade e polo alto nivel de endemismo das especies.

O avance da urbanización, con formas de ocupación e de uso do solo irregulares, sen saneamento básico, é a principal ameaza para os ecosistemas costeiros. A desordenada actividade turística é outra das causas da destrución dos hábitats naturais costeiros. Ademais da contaminación de orixe doméstica, tamén se citan como focos de contaminación a contaminación orixinada por actividades industriais, agrícolas e mineiras.

No medio acuático, a actividade pesqueira é responsable de diversos impactos, xerados pola sobrepesca, pola falta de respecto aos períodos de prohibición en función da reprodución das especies, así como pola pesca de arrastre. A contaminación por aceite e polo vertido de sedimentos supón tamén importantes impactos.

A regra xeral é o desaloxo das poboacións tradicionais que, non tendo familiaridade co mundo do diñeiro, venden sen ningún valor os seus terreos xunto ao mar ou, incluso, ás veces esas poboacións son sometidas a unha expulsión violenta. As novas empresas inmobiliarias trouxeron na moderna sociedade de consumo unha fulgurante invasión en cada temporada de verán, sendo común o fenómeno da perda de identidade cultural dos máis novos nesas poboacións locais, que non senten motivación para continuar coa vida de pescadores dos seus pais.

Como as ondas de traballo da economía de verán son estacionais, estas persoas súmanse aos continxentes de emigrantes pobres que veñen traballar na construción de empresas luxosas, desenvolvendo enormes barriadas (*favelas*) que ocupan os terreos que non están no mercado, e que con frecuencia son terreos nos que é ilegal construír porque están nas áreas de recarga dos mananciais ou noutros lugares protexidos.

O control ambiental deste proceso devastador foi ao longo da historia pouco eficaz. As axencias ambientais gobernamentais gañaron terreo nalgúns estados brasileiros como os de São Paulo, Rio de Janeiro e Rio Grande do Sul a finais dos anos setenta, e moito máis recentemente noutros. As súas accións estiveron concentradas nos lugares máis críticos, xeralmente nas metrópoles máis contaminadas pola industria e polo tráfico de vehículos.

Os lugares de praia, cunha menor poboación fixa e con menos industrias, fóronse deixando ao coidado de pequenos equipos, con escasos medios de traballo que, finalmente, resultaron ineficaces para esixir o cumprimento de regulamentos en relación coa verdadeira invasión que tivo lugar en múltiples focos distribuídos polo inmenso territorio. A articulación política entre intereses inmobiliarios e os esquemas de poder local teñen un peso importante para reducir aínda máis o alcance do traballo de fiscalización ambiental nunha sociedade na que tradicionalmente os gobernantes lles dan “aos amigos todo e aos inimigos a lei”.

4. A POLÍTICA NACIONAL DE ADMINISTRACIÓN COSTEIRA

O *Programa Nacional de Gerenciamento Costeiro* entrou en vigor a mediados dos anos oitenta, despois dalgúns anos de maduración técnica en relación coas metodoloxías de traballo que tivo lugar na Comisión Interministerial para os Recursos do Mar do Goberno brasileiro.

É unha acción coordinada polo Goberno federal e executada por cada estado costeiro, o cal debe desenvolver a división do seu litoral en zonas ecolóxicas e económicas e, posteriormente, a construción dun proceso de xestión integrada. É un

programa innovador porque incorpora procesos participativos, desde as etapas de discusión da división en zonas, cando se organizan de forma colexiada e ao que son chamados os representantes das poboacións locais, dos gobernos municipais e dos diferentes sectores económicos.

O principal papel educativo da administración costeira está en demostrar que a costa necesita dun plan de desenvolvemento sostible, en función da dinámica económica e do respecto ás características dos ambientes rexionais.

Ata ese momento, o sentido común percibía as áreas de selva protexidas polas unidades de conservación como o medio ambiente que debía ser preservado, e o resto do territorio costeiro un todo indistinto pouco utilizado ao cal sería positivo levar calquera forma de aproveitamento económico.

O proceso de discusión da división en zonas da costa capacitou aos actores rexionais para entender que a costa é un conxunto de ambientes delicados e vulnerables, non só nas ladeiras das selvas senón tamén nas vexetacións dos arrecifes, nos cavorcos rochosos, nos encontros de augas doces e salgadas, nos diferentes espazos mariños. Pouco a pouco difúndese a novos sectores das sociedades rexionais a idea de que cómpre ordenar a distribución das actividades económicas e urbanas e de que unha cidade na costa, se cadra, deba ser diferente dos exemplos das grandes cidades que coñecemos.

Un exemplo importante do avance da administración costeira témolo no Estado do Rio Grande do Sul. Alí, a rexión do litoral norte foi a primeira en ser obxecto do traballo de división en zonas ecolóxicas e económicas. Trátase dun conxunto de espazos excepcionalmente interesantes e importantes desde o punto de vista da biodiversidade, no que se destaca un notable cordón de lagoas costeiras, varias delas dun gran tamaño, unidas entre si, que ocupan parte da planicie costeira entre a franxa de dunas e praias onde é fortísima a presión inmobiliaria, e a zona na que se inician as ladeiras da serra cubertas por remanentes de bosque atlántico.

Unha vez desenvolvida a proposta de división en zonas costeiras, esta foi debatida en asembleas ata que se aprobou. Lexitimado desta forma, o plan rexional pasou a orientar a concesión de licencias levada a cabo pola axencia estatal de protección ambiental, a quen lle competía o proceso de planificación.

Actualmente estase iniciando unha fase na que os municipios desta rexión desenvolven os seus plans directores, e a axencia estatal ocúpase de darlles as directrices e de apoiar a capacitación dos equipos locais para que os plans municipais se adecúen á macrodivisión en zonas. Outra tarefa que comeza a ser levada a cabo é a disciplina nos usos das beiras das lagoas, que nalgunhas cidades son obxecto xa dunhas considerables presións.

Aínda que se trate sempre dun xogo de conflitos de intereses, o que destaca da experiencia dos gauchos –como son chamados os brasileiros do Rio Grande do Sul– é o feito de que un plan básico de desenvolvemento sostible estea no centro dos procesos de xestión ambiental, ordenando o conxunto de intervencións das di-

ferentes burocracias que teñen responsabilidades en cuestións de parques, de control de contaminación, de control de rozas e de xestión de recursos hídricos.

Esa é unha novidade moi importante na realidade brasileira. Noutros estados, como o de São Paulo, a administración costeira camiña máis lentamente, en función da resistencia dos intereses económicos e políticos rexionais, que erroneamente ven a idea do ordenamento do territorio como unha perda de alternativas de desenvolvemento.

5. A AXENDA AMBIENTAL PORTUARIA

Máis recentemente, a finais da década dos anos noventa, o *Programa Nacional de Gerenciamento Costeiro* deu lugar á axenda ambiental portuaria, unha fronte de traballo aberta para levar a cabo un control ambiental global sobre os portos brasileiros. Moitos sorpréndense co feito de que unha das actividades económicas máis antiga –a portuaria– se desenvolvera ata o momento sen ter sido obxecto de control ambiental ningún. Finalmente, o gran potencial de alteración ambiental dos portos na costa foi enfocado na importancia dos cambios xerenciais promovidos polo programa de modernización que privatizou as operacións portuarias e que cambiou as súas relacións de traballo, perseguindo obxectivos como a redución dos custos e a duración do tempo empregado na carga e descarga de mercadorías, nun contexto de crecente integración das economías a escala mundial que esixía rapidez nos fluxos de cargas.

Hoxe, os portos brasileiros comezan a construír sistemas de xestión ambiental, empezando a sentirse capacitados para identificar e valorar o impacto que supoñen os dragados, o lixo dos barcos, os cambios na liña da costa e o desmantelamento asociado á expansión das infraestruturas ou do control de especies exóticas que chegan dentro das augas de lastre. Os accidentes ambientais convertéronse tamén desde hai tempo nun aspecto considerablemente importante, sendo o desenvolvemento de plans integrados de continxencia unha das primeiras tarefas levadas a cabo na implantación desta axenda ambiental portuaria.

6. EMBRIÓNS DUNHA ECONOMÍA SOSTIBLE

As iniciativas governamentais de xestión ambiental da costa sentan as bases dunha economía sostible, pero non son suficientes para promover unha dinamización de novos negocios orientados nesa dirección. Ademais dunha maior compenetración entre as distintas axencias públicas, fai falta nos diferentes niveis de goberno a decisión de facer da sostibilidade unha política de desenvolvemento, indo máis aló da simple colección de controis ambientais.

De calquera forma, na costa brasileira multiplícanse as experiencias que van abrindo camiños importantes para novas economías máis sostibles.

Nos últimos anos, o turismo vén sendo obxecto de novas atencións por parte do Goberno federal e dalgúns gobernos de estados (provincias). Sobre todo no nordeste brasileiro, hai liñas de financiamento que intentan crear as condicións necesarias para aproveitar o potencial de crecemento do mercado internacional, desenvolvendo estruturas receptivas nunha rexión na que a variación do clima é máis suave. Con todo, xunto á construción de novas estradas, que serán motivo de preocupación pola posibilidade de que favorezan a aparición de novos focos de ocupación urbana, este movemento ten un sentido xeral positivo, pois o turismo aparece como unha rama cunha grande afinidade en relación coa meta de atribuírles un valor económico a bens naturais e culturais protexidos.

Rexístranse experiencias de ecoturismo, que se multiplican pola zona costeira, promovidas con frecuencia por grupos non gobernamentais en colaboración cos gobernos locais. Unha das máis importantes desas iniciativas ten lugar na rexión das lagoas de auga salgada ou sistema estuarino-lagunar na rexión limítrofe entre São Paulo e Paraná, unha das maiores porcións continuas protexidas de bosque atlántico brasileiro.

Alí, a Fundação SOS Mata Atlântica, unha das organizacións non gobernamentais brasileiras máis importantes, desenvolveu un modelo de ecoturismo, con actividades de capacitación dos habitantes da rexión, desenvolvemento de regulamentos e infraestrutura de apoio para os visitantes, tanto como material promocional. Tamén se apoiou o cultivo de ostras e doutras especies comercializables, así como o artesanado.

Esta mesma organización non governamental participa tamén no desenvolvemento dunha certificación nacional en ecoturismo, que debería ser unha importante ferramenta para estender un patrón adecuado de servizos receptivos de turismo ecolóxico.

Ademais desta experiencia, outras moitas teñen lugar ao longo da costa brasileira, xeralmente en forma de colaboración entre o persoal dos grupos ambientalistas rexionais e os gobernos locais, contando ás veces co apoio das universidades. Sen dúbida, este é un gran potencial económico na costa brasileira, cuxo descubrimento ten lugar cando estes lugares necesitan enfrontarse ás dificultades económicas xeradas pola estacionalidade do turismo de sol e praia, e descubren as vantaxes de contar con grandes áreas protexidas de selva, e que hoxe se converteron nun atractivo para estoutro tipo de turismo. Só falta aprender a transformar estas potencialidades en verdadeiros produtos turísticos, con regras definidas, con persoal adestrado e con capacidade para ofrecer unha boa atención aos visitantes.

Outra liña de traballo na que os proxectos localizados se converteron en exemplos que comezan a estenderse é a acuicultura.

A perda do rendemento da pesca, moitas veces provocada pola contaminación e polos impactos da pesca predatoria, levou nalgúns lugares a un enfrontamento coa capacitación dos produtores para o cultivo. Cultivo de mexillóns, tanques-redes pa-

ra peixes, tanques de cultivo de camaróns, comezaron hai xa algúns anos a implantarse en varios puntos da costa.

En Santa Catarina, un dos estados situados máis ao sur, existen na actualidade praias que son verdadeiras facendas mariñas. No nordeste, a cría de camaróns converteuse nun poderoso negocio de exportación, xerando incluso efectos ambientais preocupantes nas áreas de manglares, tal foi o éxito económico que a actividade provocou.

Xunto ás experiencias que se van acumulando con esas novas prácticas económicas que, aínda que non se poidan encadrar plenamente nun perfil sostible, non hai dúbida ningunha de que abren para a sociedade novas posibilidades de aproveitamento dos recursos ambientais das rexións, moito máis alá do repertorio da economía predatoria, cómpre valorar os propios investimentos dos sectores produtivos na reversión de situacións de degradación ambiental.

Un exemplo a escala nacional e cunha forte presenza na costa brasileira é Petrobrás –empresa brasileira de petróleo– que nos últimos tres anos vén realizando un investimento de máis dun billón de dólares no seu programa de mellora da xestión ambiental. O mantemento preventivo das súas instalacións e os medios para atender as emerxencias, entre as que poden destacarse os vertidos de aceite ao mar, están no centro desta política.

A medida que se vai implantando esta nova política, a empresa está obrigada a un novo tipo de relación coas comunidades locais nas áreas nas que se localizan as súas terminais portuarias, desenvolvendo unha interacción máis cooperativa que xera apoios ás políticas locais de educación ambiental, de ecoturismo, de proxectos de preservación. Un modelo que inspira estas colaboracións é o xa tradicional proxecto dedicado ás tartarugas mariñas –o TAMAR– desenvolvido en colaboración co Instituto Brasileiro de Meio Ambiente e Recursos Naturais Renováveis. Este proxecto ten a súa sede en diferentes puntos da costa brasileira, con óptimos resultados vinculados ao desenvolvemento da educación ambiental, xunto cos grupos de pescadores da costa brasileira.

O saneamento básico na rexión costeira aínda non foi descuberto como alternativa estratéxica para potenciar o desenvolvemento, xerando emprego e aumentando o atractivo turístico destes lugares a través da súa limpeza. As políticas locais aínda non conseguiron, de forma xeral, superar os atrancos do modelo centralizado de financiamento do saneamento implantado na fase do réxime militar. Máis recentemente, a discusión de modelos para a privatización destes servizos foi a razón que deu lugar a unha certa inercia neste campo. Pero, sen dúbida, o país deberá nun breve futuro dinamizar o saneamento, combinando accións de goberno e de negocios privados. O peso da contaminación por sumidoiros domésticos na mala calidade das praias será entón transformado nunha oportunidade para combinar oportunidades de traballo coa mellora do medio ambiente.

7. CONFLITO AMBIENTAL E DESENVOLVIMENTO SOSTIBLE NA COSTA BRASILEIRA

As informacións e análises aquí tratadas pretenderon presentar os principais aspectos da realidade da costa brasileira en relación coa construción da sostibilidade. Gustaríanos poder dicir que a política ambiental brasileira camiña de forma organizada e gradual subindo os chanzos do desenvolvemento sostible a través de programas de acción ben coordinados e coherentes nas distintas esferas de goberno, articulando tamén os esforzos dos diferentes sectores da sociedade.

En cambio, vémonos obrigados a constatar que hai accións de goberno que poñen as bases para unha política de desenvolvemento sostible, destacando neste sentido o *Programa de Gerenciamento Costeiro*. Con todo, na maioría dos estados costeiros esas accións aínda non conseguiron conferir un novo patrón global para as diferentes iniciativas de xestión ambiental e aos proxectos de desenvolvemento do Goberno.

Diferentes actores da sociedade, por convicción ou por imposición dos regulamentos e das preferencias dos consumidores, arriscan novas posturas e novas propostas, conseguindo moitas veces construír experiencias positivas que se converten en referentes.

Resulta difícil impoñer políticas de feitos consumados na ocupación dos territorios costeiros. En moitas localidades, os ambientalistas, aínda que non teñan o poder de reordenar o proceso de desenvolvemento, conseguiron xa a suficiente repercusión como para dificultar enormemente os proxectos económicos, especialmente inmobiliarios, que foran concibidos sen ter en conta os límites ambientais.

Vivimos no Brasil e na súa costa a eclosión do conflito ambiental, cando diferentes grupos humanos que fan distintos usos dos recursos ambientais non se poñen de acordo en relación co aproveitamento dos recursos comúns.

A manifestación consciente da vontade dos brasileiros está cada vez máis a favor dun novo concepto de progreso, harmónico en relación co medio ambiente. Esa vontade aínda non atopou os camiños económicos que a realicen amplamente, e en moitas ocasións falta a creatividade, a ousadía e os capitais para que xurdan os investimentos nesa nova dirección. Por outro lado, vivimos unha época na que países como o Brasil vense rodeados por presións económicas que reducen a marxe dos proxectos de orixe local, que foxen da imitación dos modelos de desenvolvemento rápido.

Creemos que a continuidade da experiencia democrática permitirá que a construción de exemplos positivos, de innovacións económicas e institucionais, de sociedades cooperativas entre diferentes actores, e a súa difusión, abran estes camiños. A proliferación de grupos favorables á sostibilidade, de actuación local ou en rede nacional –como a Agência Brasileira de Gerenciamento Costeiro– pode ser unha fonte estratéxica de novas enerxías que impulse este proceso.

Historicamente, o conflito ambiental no Brasil foi unha reacción da sociedade civil a un patrón de desenvolvemento predatorio no que o estado autoritario asumía o papel de impoñerlle á poboación os grandes proxectos de impacto. Coas novas regras ambientais, o conflito pasou a ser vivido no seo da sociedade, desafiándoa a descubrir novas formas de facer negocios e de gañarse a vida.

A negociación ambiental convértese nunha variable estratéxica para a dinamización do desenvolvemento, supoñendo un reto para os brasileiros recoñecer a nosa gran diversidade social e cultural, camiñando cara á cooperación sen enfrontamentos. Innumerables exemplos de accións nas que as empresas, grupos non gubernamentais e axencias do goberno colaboran para descubrir novos potenciais de solucións parecen indicar un camiño para utilizar con sabedoría a nosa enorme diversidade ecolóxica.

Neste esforzo é benvido todo o aprendido coas experiencias desenvolvidas noutras realidades, por outras sociedades. O intercambio de visións e experiencias non só enriquece o número de alternativas de xestión, senón que tamén pode abrir alternativas de cooperación na construción de novas posibilidades para un desenvolvemento sostible.

BIBLIOGRAFÍA

- BANCO MUNDIAL (1998): *Brasil: gestão dos problemas da poluição. Relatório de política*.
- BECK, U. (1998): *La sociedad del riesgo. Hacia una nueva modernidad*. Barcelona: Paidós.
- BEZERRA, M.C.L.; FERNANDES, R.C. [coord.] (2000): *Redução das desigualdades sociais. Subsídios à elaboração da Agenda 21 brasileira*. Brasília: Ministério do Meio Ambiente.
- BURSZTYN, M. (1994): “Gestão ambiental e crise do estado no Brasil”, en: Ministério do Meio Ambiente e da Amazônia Legal: *Treinamento operacional das equipes de gerenciamento costeiro dos estados das regiões norte/nordeste e sul/sudeste. (Coletânea de textos)*. Brasília.
- CIRM (1998): *Agenda Ambiental Portuária*. Brasília: Comissão Interministerial para os Recursos do Mar.
- COMISSÃO MUNDIAL SOBRE MEIO AMBIENTE E DESENVOLVIMENTO (1988): *Nosso futuro comum*. Rio de Janeiro: Fundação Getúlio Vargas.
- CUNHA, I. (2002): “Conflitos ambientais das atividades portuárias e política de gerenciamento costeiro”, en L. Junqueira: *Desafios da modernização portuária*. São Paulo: Aduaneiras.
- DEAN, W. (1996): *A ferro e fogo. A história e a devastação da mata atlântica brasileira*. São Paulo: Cia. das Letras.
- DIEGUES, A.C. (1996): *Ecologia humana e planejamento em áreas costeiras*. São Paulo: NUPAUB/USP.
- FERREIRA, L. (1998): *A questão ambiental*. São Paulo: Boitempo.
- GUIMARÃES, R.P. (1986): *Ecopolitics in the Third World: An Institutional Analysis of Environmental Management in Brazil*. (Tese de doutoramento). Connecticut: University of Connecticut.

- HOGAN, D.J.; VIEIRA, P.F. [org.] (1992): *Dilemas socioambientais e desenvolvimento sustentável*. Campinas: Unicamp.
- LEAL, M.C. et al. [org.] (1992): *Saúde, ambiente e desenvolvimento*, 2 vol. São Paulo/Rio de Janeiro: Hucitec/Abrasco.
- LEIS, H. (1996): *O labirinto: ensaios sobre ambientalismo e globalização*. São Paulo/ Blumenau: FURB/Gaia.
- MARTINE, G. (1993): “População, meio ambiente e desenvolvimento: o cenário global e nacional”, em G. Martine [org.]: *População, meio ambiente e desenvolvimento. Verdades e contradições*. Campinas: Unicamp.
- MEYER, H. (1999): *City and Port. Transformation of Port Cities: London, Barcelona, New York, Rotterdam*. Utrecht: International Books.
- MORAES, A.C.R. (1995): *Os impactos da política urbana sobre a zona costeira*. Brasília: Ministério do Meio Ambiente, dos Recursos Hídricos e da Amazônia Legal.
- MORAES, A.C.R. (1999): *Contribuições para a gestão da zona costeira do Brasil*. São Paulo: Hucitec.
- RUSCHMANN, D. (1999): *Turismo e planejamento sustentável. A proteção do meio ambiente*. 4ª ed. Campinas: Papirus.
- SACHS, I. (1993): *Estratégias de transição para o século XXI. Desenvolvimento e meio ambiente*. São Paulo: Studio Nobel/Fundap.
- SANTOS, M. (2001): *O Brasil: território e sociedade no início do século XXI*. Rio de Janeiro/São Paulo: Record.
- SUSTAINABILITY CHALLENGE FOUNDATION (SCF) (1994): *1st. International Programme on the Management of Sustainability . Selected Readings*. Nijenrode Business School.
- SUNKEL, O. (1984): *La dimensión ambiental en los estilos de desarrollo de América Latina*. 2ª ed. Santiago de Chile: Cepal.
- SUSSKIND, L.; FIELD, P. (1996): *Dealing with an Angry Public: The Mutual Gains Approach to Resolving Disputes*. New York: The Free Press.